

ACTA NUM. 11/12

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 26 DE XULLO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día vinteseis de xullo de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello aos efectos de celebrar sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abraldes

Dn. Roberto Rivas Reboredo.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Secretario accidental:

D. Serafín Abal Novoa

Non comparecen e non achegan excusa os Concelleiros D. Manuel Rivas Reboredo (P.P.) e D.^a María Xesús Castro Calviño (B.N.G.) .

Dna. Margarita Canay Pintos, incorpórase á sesión antes do punto 5º da orde do día.

ORDE DO DIA

1.- APROBACION ACTA ANTERIOR.

2.- ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES.

3.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

4.- CONTA XERAL 2011.

5.- MOCIÓNS.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-

Dáse conta da acta da sesión que tivo lugar en data 26 de xuño de 2012, que é aprobada por unanimidade.

2.- ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES.-

A Seguir o Sr. Alcalde dá conta do expediente para a tramitación e aprobación da Ordenanza Muncpal reguladora de tramitación de actividades. A necesidade da súa aprobación, ven derivada das modificacións lexislativas introducidas sobre a normativa local e autonómica como consecuencia da Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006, pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, así como a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación sobre o libre acceso as actividades de servizos e o sue exercicio que transpón ao ordenamento español a dita Directiva. Así deuselle nova redacción ao artigo 84.1 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, apartados c) e d), modificouse asimesmo o artigo 286.1 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia (Lei 1/2010, do 11 de febreiro). A Lei de Economía Sostible (2/2011, do 4 de marzo), engade un novo artigo á Lei 7/85 do 2 de abril, 84 bis co seguinte contido: “Sen prexuído do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, podetrán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do meidio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, á seguridade ou á saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión do sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade de autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se contra xa cuberto mediante outra autorización xa existente”.

Asimesmo a Lei de Economía Sostible engade un artigo 84 ter a Lei de Bases de Réxime Local coa seguinte redacción: “cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as Entidades Locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necersarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da mesma polos interesados previstos na lexislación sectorial”.

Tamén a Lei de Economía Sostible, modifica o TRLFL 2/2004, do 5 de marzo, artigo 2.4.o, que establece que se cobrarán as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización de actividades de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.

O asunto foi dictaminado pola Comisión de Estudio e Informe de Asuntos a tratar polo Pleno do Concello, en sesión de data 26 de xullo de 2012.

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE UNANIMIDADE :

Primeiro.- Aprobación inicial do Ordenanza Municipal reguladora de tramitación de actividades do concello de Barro, que se transcribe:

“ ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES

TÍTULO PRIMEIRO A COMUNICACIÓN PREVIA E A DECLARACIÓN RESPONSABLE

ARTIGO 1.—OBXECTO DA ORDENANZA.

É obxecto da presente ordenanza a adopción de medidas de simplificación administrativa nos procedementos de autorización e control das actividades que se pretendan desenvolver no municipio de BARRO no marco das competencias municipais recoñecidas no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, LBRL, e no artigo 286 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

ARTIGO 2.—RÉXIME XERAL.

1. O desenvolvemento dunha actividade comercial, industrial ou de servizos estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable no concello, agás nos casos nos que nesta ordenanza se require que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade.

2. As declaracións responsables e as comunicacións previas permitirán o exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade dende o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación que ten atribuídas o concello.

ARTIGO 3.—COMUNICACIÓN PREVIA.-

Entenderase como comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o para o inicio dunha actividade.

ARTIGO 4.—DECLARACIÓN RESPONSABLE.-

4.1. Entenderase como declaración responsable o documento suscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou para o inicio dunha actividade e que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o todo o período en que desenvolva a dita actividade.

ARTIGO 5.—EFECTOS EN CASO DE OMISIÓN OU FALSIDADE DOCUMENTAL.-

5.1. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante o concello de calquera delas, determinará a imposibilidade de continuar coa actividade afectada desde o intre no que se teña constancia polo concello de tales feitos.

5.2. Así mesmo, a resolución expresa do Alcalde que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica preexistente ao inicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades civís, mercantís, penais ou administrativas que puideran concorrer.

ARTIGO 6.—ACTIVIDADES SUXEITAS Á COMUNICACIÓN PREVIA.-

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

- a) Actividades de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos de calquera Administración Pública.
- b) Postos da praza de abastos ou mercado municipal, agás aquelas actividades suxeitas a licenza de apertura ou autorización previa e sen prexuízo da aplicación do disposto no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos.
- c) Antenas de telefonía ou semellantes, agás as situadas en ámbitos suxeitos á previa autorización da administración competente en materia de protección do patrimonio histórico-artístico.

- d) Locais comerciais ou de servizos cunha superficie construída menor de 100 m².
- e) Academias de ensino ate 150 m² de superficie construída, agás as academias de baile, musica ou canto.
- f) Centros destinados ao culto relixioso.
- g) Actividades profesionais que se desenvolvan en locais ou establecementos que non excedan de 150 m² de superficie construída.
- h) Oficinas ou locais pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenvolvan neles actividades mercantís ou industriais.
- i) Pensións dunha, dúas e tres estrelas.
- j) Garaxes de uso privado non autorizados coa licenza de edificación con capacidade inferior a cinco prazas e cunha superficie que non supere os 100 m².
- k) Aparcadoiros e exposición de vehículos ao aire libre sen límite de prazas nin superficie.
- l) Cambios de titularidade de calquera clase de actividade sen prexuízo da obtención, no seu caso, dunha autorización expresa doutra Administración Pública competente.

ARTIGO 7.—ACTIVIDADES SUXEITAS Á DECLARACIÓN RESPONSABLE.-

Estarán sometidas ao trámite de declaración responsable as seguintes actividades:

- a) Locais comerciais ou de servizos entre 100 e 400 m² de superficie construída e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
- b) Despachos profesionais de máis de 150 m² e ata 400 m² de superficie construída e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
- c) Establecementos hoteleiros ata 25 prazas sen cafetería ou restaurante.
- d) Centros docentes, centros de educación infantil, primaria e secundaria, agás os centros incluídos no Decreto 329/2005 da Xunta de Galicia. Aqueles centros docentes que dispoñan de instalacións tales como cocinas, piscinas, depósitos de combustible ou doutro tipo que requiran licenza de actividade ou de apertura deberán proceder a formalizar a correspondente solicitude.
- e) Actividades industriais, talleres artesanais e similares, cunha Qs igual ou menor a 42 MJ/m² e cunha superficie útil menor ou igual a 60 m².
- f) Actividades de almacenamento de obxectos e materiais sempre que a súa superficie construída sexa menor de 500 m² e a súa Qs sexa menor de 425 MJ/m², agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.
- g) Actividades de almacenamento de produtos petrolíferos, químicos con recipientes de presión ou con produtos químicos que non necesiten proxecto técnico segundo a normativa específica de aplicación.
- h) Centros de diagnóstico e laboratorios de análise clínica sen manipulación de produtos inflamables nin contaminantes.
- i) Actividades agropecuarias e instalacións para a cría de animais domésticos e actividades agrogandeiras relacionadas no anexo III do Decreto 133/2008 que relaciona as actividades excluídas do procedemento de avaliación da incidencia ambiental, entre as que se atopan as seguintes:
 - 1) Instalacións para a cría intensiva de animais domésticos, sempre que non superen as 9 cabezas de gando vacún, equino ou porcino, 15 de ovino ou caprino, 15 coellas nai ou 50 aves.
 - 2) Instalacións para cría ou garda de cans, susceptibles de albergar como máximo 5 cans maiores de tres meses.
 - 3) Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contén con sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles.

ARTIGO 8.—PRAZO E FORMA DA COMUNICACIÓN PREVIA.-

8.1. A comunicación previa poderá presentarse antes ou, como máximo, dentro do prazo de quince días posteriores ao inicio efectivo da dita actividade.

8.2. A comunicación previa deberá presentarse no modelo que estableza o concello que poderá descargarse da páxina web www.barro.es, dentro do portal “modelos de comunicación previa ou declaración responsable”.

8.3. A comunicación previa deberá incluír:

- a) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares da actividade ou do servizo. No suposto de tratarse dunha persoa xurídica, fotocopia da escritura de constitución.

- b) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
- c) A situación exacta do local onde se exerce a actividade.
- d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.

8.4. A comunicación previa deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Plano de situación en cartografía municipal da actividade.
- b) Plano do local coas súas instalacións (superficie, cotas).
- c) Memoria subscripta por técnico competente que acredite que a actividade cumpre a normativa

aplicable.

d) Certificación de técnico competente de que o local reúne as condicións de seguridade e solidez.

e) Fotocopia da póliza do seguro de responsabilidade civil nos casos esixidos legalmente. A dita acreditación expedirase no modelo aprobado polo concello incluído no modelo oficial de declaración responsable que poderá descargarse da páxina web www.barro.es, dentro do portal “modelos de comunicación previa ou declaración responsable”.

8.5. No caso dos cambios de titularidade deberá achegarse a seguinte documentación

a) Os datos que permitan a identificación do expediente de concesión de licenza de actividade ou de autorización da mesma cuxo cambio de titularidade estase a solicitar, ou a certificación municipal emitida trala comprobación posterior á presentación no seu día da comunicación previa ou da declaración responsable.

b) Así mesmo, deberá achegar fotocopia do título que ampare a transmisión do local ou establecemento e autorización asinada polo anterior titular da actividade ou en caso de falecemento, dos herdeiros ou legatarios.

ARTIGO 9.—PRAZO E FORMA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE

9.1. Os requisitos aos que se refire o artigo 4 deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa no modelo oficial de declaración responsable que poderá descargarse da páxina web www.barro.es, dentro do portal “modelos de comunicación previa ou declaración responsable”.

9.2. A declaración responsable poderá presentarse antes ou, como máximo, dentro do prazo de quince días posteriores ao inicio efectivo da dita actividade.

9.3. A declaración responsable debe incluír:

- a) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares. No suposto de tratarse dunha persoa xurídica, fotocopia da escritura de constitución.
- b) O nome e apelidos, DNI ou NIF, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do representante.
- c) A situación exacta do local da actividade.
- d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- e) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que a actividade vai desenvolverse de acordo coa normativa aplicable e que o local cumpre a normativa urbanística e a que sexa de aplicación en cada caso.

9.4. A declaración responsable debera vir acompañada de documentación técnica, subscripta por técnico competente, en que se describan as características do local e da actividade e se xustifique o cumprimento da normativa urbanística e a de aplicación xeral.

Esta documentación deberá incluír, como mínimo:

- Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable,
- Plano de emprazamento da cartografía oficial,
- Planos de plantas con situación de instalacións e maquinaria (superficie e cotas),
- Planos de alzado y secciones.
- Certificación de execución das medidas correctoras.
- Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil nos casos esixidos legalmente.
- Certificación de técnico competente de que o local reúne as condicións de seguridade e solidez.

ARTIGO 10.—ABONO DE TAXAS.-

Cando se presente e tramite unha comunicación, unha declaración responsable ou unha licenza de apertura os

interesados deberán aboar as taxas correspondentes pola súa tramitación e pola actividade inspectora levada a cabo polo concello nos termos que se prevean na correspondente ordenanza fiscal.

ARTIGO 11.—COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN POLO CONCELLO.

11.1. O Concello comprobará os datos facilitados polos interesados e examinará a documentación técnica achegada para comprobar se se axusta á normativa aplicable. No caso de que non se presente a documentación prevista nesta ordenanza, nas actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, o Alcalde ordenará o inmediato peche da actividade, ata que se proceda a presentación de dita documentación.

11.2. Se examinada a documentación presentada se constata a existencia de deficiencias de escasa entidade o concello requiriralle ao titular da actividade que achegue nova documentación que emende as ditas deficiencias, concedéndolle para isto o correspondente prazo de emendas previsto no artigo 71 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJ-PAC).

O mesmo réxime será aplicable ós supostos de comunicación previa nos que a actividade xa está a desenvolverse.

11.3. No suposto de que non sexan emendadas as deficiencias, no prazo legalmente concedido, procederase a ordenar o peche do establecemento.

11.4. No caso de que a documentación sexa correcta, os técnicos municipais cursarán visita ou visitas de inspección ao local para comprobar se se axusta a documentación presentada e a normativa aplicable, emitindo o correspondente informe.

ARTIGO 12.—INICIO DA ACTIVIDADE.

12.1. Unha vez recibida a comunicación ou a declaración responsable o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo de que os técnicos municipais cursen as visitas de inspección precisas para comprobar se se axusta a normativa aplicable.

12.2. O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade dende o intre en que se teña constancia polo concello destes feitos, sen prexuízo das responsabilidades civís, mercantís, penais e administrativas, en que poida incurrir o interesado.

12.3. A resolución que declare estas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica preexistente ao inicio da actividade.

12.4. En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou prexuízos que poida causar.

ARTIGO 13.—CONCORRENCIA CON LICENZA DE OBRAS.

13.1. Nos casos nos que sexa precisa a realización de obras de construción ou acondicionamento do local, deberá solicitarse a oportuna licenza de obras e achegar a documentación técnica esixible con arreglo á lexislación urbanística é á ordenanza municipal vixente, con independencia que se trate dunha actividade suxeita a comunicación previa ou a declaración responsable.

13.2. Rematadas as obras o titular da actividade notificarao ao Concello aportando o certificado final da obra expedido polo técnico director así como os boletíns dos instaladores autorizados para que se poida cursar a pertinente visita de inspección polos técnicos municipais.

13.3. Aquelas obras de escasa entidade técnica e construtiva, que non precisen a presentación dun proxecto técnico e que non supoñan a necesidade de controlar aspectos urbanísticos, de accesibilidade ou de seguridade, como as de substitución de pavimentos, pintura, tarefas de adecentamento e limpeza dos locais, substitución de sanitarios e semellantes, deberán solicitarse simultaneamente á presentación da correspondente comunicación previa ou declaración responsable da actividade, achegando para isto a seguinte documentación:

- 1) Unha memoria descritiva das obras que se van realizar
- 2) O orzamento por capítulos
- 3) Plano de situación en cartografía oficial

Nestes supostos, de precisarse a retirada de entullos, deberá solicitarse a correspondente autorización para a instalación dun colector na vía pública para a súa posterior recollida.

ARTIGO 14.—ACTIVIDADE INSPECTORA DO CONCELLO.

14.1. No suposto de actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable regulado na presente ordenanza, o concello realizará as comprobacións oportunas e o técnico municipal emitirá un acta da inspección para que quede constancia no expediente de que a actividade se axusta a documentación achegada e a normativa aplicable.

14.2. Nestes procedementos o concello deberá proceder a efectuar a inspección nun prazo máximo de tres meses dende a presentación da comunicación ou da declaración responsable.

14.3. O vencemento deste prazo sen terse notificado unha copia do acta da inspección ao interesado que tivese presentada a solicitude, o lexítima para entendela estimada por silencio administrativo, agás nos supostos nos que unha norma con rango de lei por causas xustificadas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario europeo establezan o contrario.

14.4. Non obstante o anterior, en ningún caso se entenderán adquiridos por silencio administrativo positivo dereitos en contra do disposto na lexislación e no planeamento urbanístico vixente.

ARTIGO 15.—PECHE DO ESTABLECEMENTO.-

Nos casos nos que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación previa ou da declaración responsable, ou cando non cumpra a normativa aplicable ordenarase pola Alcaldía o peche do establecemento, sen prexuízo da aplicación do disposto na Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

TÍTULO SEGUNDO

A LICENZA DE APERTURA OU DE ACTIVIDADE

ARTIGO 16.—SUPOSTOS EN QUE PROCEDE.

16.1. Deberá solicitarse a pertinente licenza de apertura ou de actividade nos casos nos que así o esixe a protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo ou a ocupación dos bens de dominio público.

16.2. Enténdese que se encontran nos supostos previstos no parágrafo anterior as seguintes actividades:

- a) As excluídas do ámbito de aplicación da directiva 2006/123/CE e, polo tanto non recollidas nos artigos 6 e 7 da presente ordenanza.
- b) As que se inclúen no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 160/2005.
- c) As que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra Administración Pública (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas, sanidade, comercio, turismo e outras).
- d) As actividades relacionadas no Decreto 133/08 que regula o procedemento de avaliación ambiental
- e) As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio da mesma.
- f) As estacións base de telefonía móbil e as antenas excluídas do réxime de comunicación previa.
- g) As actividades e servizos non suxeitos ao trámite de comunicación previa ou declaración responsable, e polo tanto non incluídos nas relacións contidas nesta ordenanza.

ARTIGO 17. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

17.1. Nos supostos nos que debe solicitarse a licenza de apertura ou de actividade, esta tramitarase de acordo co procedemento establecido pola normativa aplicable en cada caso.

17.2. Caso de non existir normativa específica aplicable o procedemento de concesión das licencias axustarase ao establecido no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955.

17.3. A licenza de apertura concederase xunto coa licenza urbanística cando sexa preciso a realización de obras de construción ou de acondicionamento. Nestes casos non poderá comezar a exercerse unha actividade en tanto que non se conceda a pertinente autorización de funcionamento.

17.4. O concello notificaralles aos titulares da actividade que acheguen toda a documentación técnica que se sexa preciso para emendar as deficiencias que os técnicos municipais atopen na documentación inicialmente presentada.

17.4. Rematadas as obras de construción ou acondicionamento conforme aos termos da licenza de obras concedida, os titulares da actividade notificaranlle ao Concello o seu remate achegando o certificado final do técnico director das mesmas, boletíns dos instaladores e as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, para que os técnicos municipais cursen as pertinentes visitas de inspección nun prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción da notificación.

17.5. En caso de que a actividade se axuste á documentación autorizada coa licenza de apertura ou que as obras

realizadas se axusten á licenzia de obras concedida, concederase a licenzia de funcionamento da actividade.

TÍTULO TERCEIRO ÓRGANOS COMPETENTES

ARTIGO 18.

18.1. O órgano municipal competente para a concesión das licenzas de apertura de establecementos e para a toma de coñecemento das comunicacións previas ou declaracións responsables será a Xunta de Goberno Local.

18.2. O órgano municipal competente para a concesión das licenzas de obras concorrentes coas licenzas de apertura de establecementos ou coas comunicacións previas ou declaracións responsables será a Xunta de Goberno Local.

18.3. Os acordos adoptados nesta materia pola Xunta de Goberno Local haberán de ser comunicados ás Administracións Públicas competentes segundo a normativa sectorial de aplicación que corresponda.

En particular serán comunicados os acordos aos seguintes órganos:

— Ao órgano da Xunta de Galicia emisor do dictame de incidencia ambiental nos supostos previstos no artigo 13.3. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, pola que se regula a avaliación da incidencia ambiental en Galicia.

— Á dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de comercio cando se trate de establecementos comerciais para a súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio nos supostos previstos no artigo 28.5 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.

— Á Subdelegación de Goberno nos supostos previstos no artigo 43.1 do Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas.

— Á dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de espectáculos públicos aos efectos previstos nos artigos 2 e 5 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 160/2005.

18.4. O establecido nos parágrafos anteriores se entende sen prexuízo da facultade de evocación de competencias do Alcalde de conformidade co disposto nos artigos 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.868/1986, de 28 de novembro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os procedementos administrativos regulados na presente ordenanza deberán adaptarse progresivamente ás previsións contidas na Disposición Final Terceira, parágrafo 5, da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos na redacción dada ao mesmo pola Disposición Adicional Sétima da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, na medida en que o concello dispoña da plataforma tecnolóxica necesaria para elo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os promotores dos expedientes que a entrada en vigor da presente ordenanza se atopasen en tramitación neste concello e se refiran a actuacións que entren no ámbito de aplicación da comunicación previa ou da declaración responsable poderán acollerse a ditos procedementos presentando para elo a documentación prevista nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor desta ordenanza queda expresamente derogado a normativa municipal anterior en relación a esta materia en todo o que estea regulado pola presente.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza entrará en vigor, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial de Pontevedra no prazo establecido no artigo 65 en relación co artigo 70 da Lei 7/85 de 2 de abril".

Segundo.- Someter a Ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a acontar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 49 da lei 7/85 de 2 de abril.

3.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.-

A seguir dáse conta do expediente para a aprobación da ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. A oportunidade e conveniencia da súa aprobación, ven determinada pola aprobación da ordenanza que regula a tramitación de actividades e polas modificacións introducidas pola Lei de Economía Sostible, que modifica o TRLFL 2/2004, do 5 de marzo, artigo 2.4.o, que establece que se cobrarán as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización de actividades de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 26/07/2012.

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o Sr. Sanmartín Soto, quen manifesta a necesidade de facer unha campaña informativa sobre o regulamento aprobado, así como facilitar a licencia de actividade gratuitamente a cambio da contratación de desempregados no municipio.

O Sr. Alcalde, contestalle que xa existe unha bonificación recollida no ICIO para o caso de traslado de empresas a solos industriais dentro do municipio e para actividades preexistentes.

Rematada a deliberación, sométeses a asunto a votación, E POR UNANIMIDADE ACORDASE:

Primeiro.- Aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencia de apertura de establecementos que se transcribe:

“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 15 o 19 do R. D. Lesislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencia de apertura de establecementos, así como polos informes de verificación de actividades non suxeitas a autorización ou control previo, que se rexerán pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calesquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licencia de apertura, así como os informes de verificación para aquelas actividades non suxeitas a autorización ou control previo.

2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) Á instalación por vez primeira do establecemento para dar comenzo as actividades.

- b) Á variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) Á ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo n o v a verificación das mesmas.
- d) Ás transmisións intervivos que non sexan de pais a fillos e entre cónxuxes.
- e) A emisión dos informes de verificación de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.

3.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesana, da construción comercial e de servizos, que esten dados de alta a efectos fiscais e de seguridade social.
- b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacén, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, escritorios, oficinas, despachos, estudos ou calques outra análoga.

Artigo 3º.- **Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se retire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º.- **Responsables.**

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- **Cota tributaria.**

Será o resultado de aplicar á cota de tarifa establecida por tipo de actividade, un índice de superficie en función dos m² do establecemento, segundo a definición establecida para o mesmo no apartado 3 do art. 2º. A cota de tarifa e o índice de superficie serán os que figuran no anexo a esta ordenanza.

Artigo 6º.- **Exencións e bonificación.**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

Artigo 7º.- **Percepción.**

- a) Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.
- b) Cando a apertura tivera lugar sen ter obtida a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.
- c) A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia o desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.
- d) Para as actividades non suxeitas a autorización ou control previo, no momento da presentación da comunicación previa ou

declaración responsable no rexistro do Concello.

Artigo 8º.- **Declaración.**

- 1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenzia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitada, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, achegándolle a alta na licenzia fiscal da actividade correspondente, o contrato de aluguer ou título de adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivera asimismo valor catastral, o prezo de adquisición ou o custe de construción do mesmo no seu caso.
- 2.- Se despois de formulada a solicitude de licenzia de apertura variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.
- 3.- Para as actividades non suxeitas a autorización ou control previo, estarase ao disposto na respectiva ordenanza.

Artigo 9º.- **Liquidación e ingreso.**

- 1.- Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a Resolución municipal que proceda sobre a licenzia de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.
- 2.- Nembargantes, o Concello poderá liquidar e esixilo importe da Taxa no momento de presentala solicitada, en calidade de depósito previo.
- 3.- Para as actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable, a taxa correspondente ao informe de verificación aboarase no momento da súa presentación no rexistro do concello.

Artigo 10º.- **Infracción e sancións.**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor a partir da súa publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TARA POLA EXPEDICIÓN DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, E EMISIÓN DE INFORMES DE VERIFICACIÓN:

Tarifas

<i>Cota da tarifa</i>	<i>Importe Euros</i>
Informes de verificación actividades sometidas a declaración responsable ou comunicación previa	200,00
Actividades non suxeitas a avaliación da incidencia ambiental ou inócuas	200,00
Actividades calificadas suxeitas a avaliación da incidencia ambiental	300,00
Actividades calificadas do apartado anterior, que requiran declaración de efecto ou impacto ambiental	600,00
Actividades temporais ou eventuais.....	100,00

Índices de superficie

ata 50 m ² :	1,00
de mais de 50 a 1.00 m ² :	1,20
de mais de 100 a 200 m ² :	1,50
de mais de 200 a 500 m ² :	2,00
de mais de 500 a 1.050 m ² :	2,50
de mais de 1.050 m ² :	2,75

Segundo.- Someter a ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 17.3 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

4.- CONTA XERAL 2011.-

A seguir dase conta da Conta Xeral do exercicio 2011 que consta da documentación preceptiva.

-A Conta Xeral do exercicio de 2011 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 11 de maio de 2012 e someteuse a información pública mediante publicación de anuncio no Taboleiro de Edictos e no B.O.P. nº 103 do 30 de maio de 2012, sen que se formularan alegacións á mesma.

-Consta xunto coa documentación do expediente da Conta Xeral informe económico financeiro detallado do Secretario Interventor no que entre outros aspectos se da conta da existencia dun remanente líquido de tesourería para gastos xerais negativo por importe de -994.247,04 € e o remanente de tesourería total de -916.935,27 euros e recóllense as previsións do art. 193 do Rdl. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 105 do R.D. 500/90 sobre medidas a adoptar no caso de remanente de tesourería negativo, as medidas legais contra a morosidade, e a falta de concreción do plan de saneamento.

-Tamén consta no expediente da Conta Xeral o preceptivo informe coa relación de reparos efectuados polo Secretario Interventor en base o previsto no art. 218 do Rdl. 2/2004 no que se sinala que o órgano interventor elevará informe ó pleno tódalas resolucións adoptadas contrarias ós reparos de intervención. A relación de reparos reflicta o reiterado incumplimento da lexislación aplicable na xestión do gasto e na tramitación dos expedientes.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernandez Abraldes sinalando o voto en contra do seu grupo tendo en conta a situación á que chegou o concello pola mala xestión económica do Alcalde.

O Sr. Sanmartín Soto, anuncia o seu voto en contra polos mesmos motivos.

Sometido o asunto a votación, acordase co seguinte resultado: **5** votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González e o Sr. Alcalde (PP), 3 votos en contra; votan os Sres. Fernandez Abraldes, Roberto Rivas Reboredo(BNG) e o Sr. Sanmartín Soto (PSOE):

Primeiro.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2011 nos termos e cifras nos que foi redactada e co seguinte resumo:

REMANENTE DE TESOURERIA A 31-12-2011

	IMPORTES ANO 2011	IMPORTES ANO ANTERIOR 2010
1. () Fondos líquidos	55.814,34	185.779,41
2. () Dereitos pendentes de cobro	240.182,07	566.359,69
() do Orzamento corrente	156.854,90	154.429,98
() de Orzamentos pechados	82.437,47	456.106,57
() de operacións non presupostarias	889,70	209,70
(-) cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	44.386,56
3. (-) Obrigacións pendentes de pago	1.212.931,68	1.545.123,31
() do Orzamento corrente	498.247,87	522.777,99
() de Orzamentos pechados	633.281,28	701.199,41
() de operacións non presupostarias	81.402,53	385.816,44
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	64.670,53
I. Remanente de tesourería total (1 2 - 3)	-916.935,27	-792.984,21
II. Saldos de dubidoso cobro	0,00	291.434,13
III. Exceso de financiamento afectado	77.311,77	263.176,92
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)	-994.247,04	-1.347.595,26

RESULTADO PRESUPUESTARIO A 31-12-2011

	Dereitos recoñecidos netos	Obrigacións recoñecidas netas	AXUSTES	RESULTADO presupuestario
a. Operacións correntes	1.711.594,83	1.519.734,50		191.860,33
b. Outras operacións non financeiras	403.997,32	510.533,03		-106.535,71
1. Total operacións non financeiras (a b)	2.115.592,15	2.030.267,53		85.324,62
2. Activos financeiros	0,00	0,00		0,00
3. Pasivos financeiros	0,00	34.558,20		-34.558,20
RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EXERCICIO	2.115.592,15	2.064.825,73		50.766,42
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos gral.			0,00	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			0,00	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			77.311,77	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO				-26.545,35

Segundo.- Rendir ó Consello de Contas copia da Conta Xeral do 2011 aprobada e dentro dos prazos establecidos no artigo 204 e 223 do RDL 2/2004 citado.

Logo da autorización do Sr. Alcalde, incorpórase á sesión a Concelleira D.^a María Margarita Canay Pintos (PSOE).

5.- MOCIÓNS.- A seguir dáse conta das mocións que se relacionan:

5.1.- Moción que presenta D. Xosé Manuel Fernández Abraldes (BNG), que se transcribe:
“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: O Goberno central ven de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforme é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter o mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restriccións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade

procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Rexeitar as medidas de reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos- potenciando ás deputacións provinciais.

2.- Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.

3.- Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

4.- Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarias e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local. **Barro, a 20 de xullo de 2012.**”.

Rematada a lectura da mesma, toma o Sr. Alcalde, manifestado que o problema de fondo polo que se presenta a moción é o do 0,6% para salario de políticos, non pode seguirse mantendo un sistema onde concellos con 1.500 habitantes cobren soldos de 3.500 euros e un asesor. Asimesmo manifesta que ao mellor poderá ser inxusto, pero na FEGAMP discrepan noutros asuntos pero no do 0,6% non.

Toma a palabra o Sr. Fernández Abraldes, aclarando que a moción que se presentou, non fala en ningún punto do 0,6%, pero si entra en outros asuntos e outros temas como a potenciación das deputacións en contra do maior financiamento dos concellos, dunha redución de concelleiros, polo que supón de perda democrática, a necesidade de suprimir as deputacións e a oposición de cargar sobre os empregados públicos novamente os custos da crise, e que enriba non sirven de nada, a suba do IVE, etc., pero que por ningún lado se fala do 0,6%.

O alcalde manifesta que o tema e a representatividade e os soldos dos políticos, polo que anuncia o seu voto en contra da moción. Continua dicindo que o que hai que facer e facilitar as cousas, e non o que se fixo co polígono coa finca da crega.

Rematada a deliberación sométese a moción a votación co seguinte resultado: votos a favor 4: votan os Sres. . Fernández Abraldes, Roberto Rivas Reboredo(BNG) , Sr. Sanmartín Soto e a Sra. María Margarita Canay (PSOE). Votos en contra 5: votan en contra os Sres. . Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González e o Sr. Alcalde (PP). A moción resulta rexeitada.

5.2.- Moción que presenta Xosé Manuel Fernández Abraldes (BNG), que se transcribe:
“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante o ano 2007, a Deputación comezou as obras da primeira fase de ampliación e mellora da estrada provincial que conecta a N-550 coa igrexa de Perdecanaí. Ditas obras foron paralizadas a finais do 2007 (segundo información do goberno municipal de Barro, por ter rematado o orzamento previsto para esa primeira fase das obras).

Os terreos necesarios para a ampliación de dita estrada están sendo cedidos polos propietarios dos mesmos a cambio da construción de muros e da reposición de servizos nas súas propiedades, pero estes veciños, despois de facilitar as obras da estrada, tiveron que padecer as molestias desta paralización e da demora en adecentar os espazos xa ampliados durante catro anos.

En novembro de 2008 e en setembro de 2010, o BNG presentou mocións no concello solicitando a reanudación das obras.

Antes das eleccións municipais de 2011, e despois de que os veciños presentasen un escrito na Deputación esixendo o remate das obras, só se acometeu o asfaltado dos treitos ancheados catro anos antes así como a retirada dun muro.

Desde as eleccións municipais as obras volveron paralizarse, polo que circular por esta estrada segue a ser un perigo, xa que se trata dunha estrada cuxo ancho da vía varía continuamente, con zonas xa ancheadas e outras que non, cos postes de luz e teléfono no medio da calzada e cunha deficiente sinalización que alerte do perigo que supoñen unhas obras a medio facer.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Barro acorda aprobar a seguinte

MOCIÓN:

1)Dirixirse á Deputación Provincial para que, dunha vez por todas, proceda ao remate das obras da E.P. 0525 en Perdecanaí, eliminando o perigo que supón o estado actual da estrada. Barro, a 13 de xullo de 2012.”

Toma a palabra o Sr. Abraldes, para poñer de manifesto que agora que a Deputación Provincial dispón de orzamento, e logo de 7 anos esperando para o remate dunhas obras da estrada de Perdecanaí, propón dirixirse ao dito organismo provincial para que de forma urxente, e por xustiza e igualdade entre todos os veciños da provincia, por unha vez por todas se remate a estrada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que pasa coma en outros casos que as cousas van lentas pero que se van a rematar, que ten unha xestión feita con compromiso de financiamento para as obras pero non para expropiacións. Faranse xestións cos propietarios, vaise a facer obra, pero non se van a pagar expropiacións o que se se vai a ocupar os terreos cedidos, e que as obras chegaran ata donde dea o orzamento.

O Sr. Abraldes, contéstalle dicindo que donde non se precise expropiación que se execute.

O Sr. Alcalde, manifesta que dita obra podería estar rematada se non fose polos contínuos atrancos que se lle puxeron. Recalca novamente, que se vai a proceder a estaquillar e ocupar terreos e facer obra, pero non a expropiar. Asimesmo manifesta que convocará aos propietarios para aclararllo. Pon como exemplo a carretera da Portela e a de Agudelo.

O Sr. Albraldes, manifesta que lle é indiferente a aprobación da moción ou o seu somentemento a votación, o que lle interesa e que se os veciños de Barro sexan iguais que os dos outros sitios, non comprendendo por qué os de outros sitios teñen as cousas e os de Barro non.

A moción, non se somete a votación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- A seguir o Sr. Alcalde abre o turno de rogos e preguntas.

- O Sr. Fernandez Abraldes, toma a palabra, formulando ao Sr. Alcalde a pregunta de cál é

- o motivo de que o pabillón estea pechado, contestándolle o Alcalde que está funcionando para cousas básicas, polo que non se atopa pechado.
- O Sr. Roberto Rivas, diríxese ao Alcalde, para expresarlle que no camiño portugués xunto ao cruceiro de Lamas atópase un sinal de stop, tapado totalmente pola maleza, que vai a provocar un accidente nun cruce moi complicado. O alcalde dáse por enterado.
 - O Sr. Sanmartín Soto, pregunta por qué non se abre o albergue. O Sr. Alcalde contéstalle que esta a iniciar un procedemento para a contratación da súa xestión. Diante da insistencia do concelleiro do PSOE pola data de apertura, o Sr. Alcalde contéstalle que será “pronto”.
 - O concelleiro Sr. Sanmartín, formula a cuestión sobre a situación da feira de Barro, propoñendo que se saque a concurso público, recoñecendo que é positivo para o Concello pero non de esta forma. O Sr. Alcalde contéstalle que está a arranxa-lo tema, e que a feira morre sola, e que o último domingo non había máis de cincuenta coches.
 - O Sr. Sanmartín, refírese a seguir á venda ambulante no municipio, manifestando que se se votou a xente de Barosa e sen embargo non se fai o mesmo cos das cereixas. O Sr. Alcalde dille que xa se deu conta á Garda Civil, para solucionar o problema.

E non habiéndose máis asuntos de que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as vinteunha horas catorce minutos e como Secretario, dou fe.